

**Resolución Reitoral de 20 de xullo de 2021 de concesión directa de bolsa a alumnado dos Campus de Pontevedra e Vigo que ten adxudicada unha praza ERASMUS + Estudos ou unha praza Propia ou ISEP no curso 2021-2022**

A Universidade de Vigo ten asinado un convenio coa Deputación de Pontevedra no que esta institución comprométese a financiar axudas complementarias ao alumnado dos campus de Pontevedra e Vigo seleccionado no programas de mobilidade internacional ERASMUS+ Estudos, Prazas Propias, ISEP e GE4.

O alumnado ao que vai destinado esta axuda complementaria xa foi seleccionado a través da convocatoria de concorrencia competitiva en desenvolvemento do programa ERASMUS+ financiado no marco do convenio de subvención asinado co SEPIE (*Servicio Español para la Internacionalización de la Educación*) ou a través das convocatorias de concorrencia competitiva de prazas propias en países extracomunitarios, do programa ISEP ou GE4 polo que non é necesaria a convocatoria dun novo procedemento de concorrencia. O interese público e social da concesión directa dunha contía adicional está xustificada, toda vez que a contía adxudicada a través destas convocatorias é insuficiente para financiar o custo asociado a estadía no estranxeiro.

As resolucións reitorais dos cursos 20/21 e 21/22, das “convocatorias de intercambio con EEUU dentro do convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo e o ISEP” establecen que o estudantado “non recibirá axuda económica da Universidade de Vigo”. Neste sentido, aínda que esta financiación forme parte dos orzamentos da Universidade de Vigo, esta exerce como órgano tramitador, sendo financiación aportada pola Deputación de Pontevedra. A Universidade de Vigo xustificará perante este organismo a financiación recibida.

O convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e a Universidade de Vigo foi asinado con posterioridade á publicación das convocatorias de intercambio.

É polo que, unha vez recibido o importe aportado pola Deputación de Pontevedra, vista a Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia, as disposicións aplicables da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e as súas normativas de desenvolvemento, en virtude das facultades que lle outorgan a Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, modificada pola Lei 4/2007, de 12 de abril, de Universidades e o artigo 72 do Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aprobaron os estatutos desta universidade,

**Esta Reitoría resolve**

Conceder en réxime de concesión directa, en atención ao interese público e social do seu obxecto, 100 bolsas de 1.000 € a 100 estudantes da Universidade de Vigo seleccionados /as no marco da convocatorias Erasmus+ Estudos, curso 2021-2022 e no marco das convocatorias de prazas propias ou ISEP, curso 2021-2022, non habendo seleccionados dos campus de Pontevedra e Vigo no marco do GE4, e coas seguintes bases

### 1. Obxecto.

A finalidade da bolsa é contribuír a financiar o custo da estadía na universidade de destino do alumnado beneficiario dunha axuda do programa de mobilidade internacional Erasmus + Estudos, Prazas Propias, GE4 ou ISEP, garantindo que o alumnado con escasos recursos económicos poida acceder aos programas de intercambio académico.

As bolsas repartiranse do seguinte xeito, 80 bolsas para Erasmus Estudos e 20 bolsas para Bolsas Propias ou ISEP. De non haber candidatos/as que cumpran os requisitos establecidos no punto 2 nun dos dous grupos, poderán concederse ao estudantado do outro grupo.

### 2. Requisitos

- Estar matriculado/a no curso 2020-2021 en titulacións dos campus de Pontevedra e Vigo.
- Ter adxudicada unha das seguintes bolsas de intercambio internacional:
  - Erasmus + Estudos concedidas por Resolución Reitoral de 8 de febreiro de 2021
  - Bolsa Propia concedida por Resolución Reitoral de 3 de marzo de 2021
  - ISEP concedida por Resolución Reitoral de 1 de febreiro de 2021 e de 19 de febreiro de 2020 (seleccionados que polo COVID realizarán a súa estadía no curso 2021-22)
- Ser beneficiario da bolsa xeral de estudos do Ministerio no curso 2020-21.
- Non ter concedida unha bolsa complementaria da Deputación de Pontevedra para unha estadía Erasmus+ ou bolsa propia en convocatorias anteriores.

### 3. Procedemento de concesión.

A axuda regulada nesta Resolución Reitoral ten carácter singular, polo que se autoriza a súa concesión directa en aplicación do previsto nos artigos 22.2.c) e 28 da *Ley 38/2003, de 17 de novembro, General de Subvenciones* e no artigo 40 do Decreto 11/2009 de 8 de xaneiro, por concorrer razóns de interese público e social.

A selección realizase aplicando os seguintes criterios, ata o esgotamento do crédito orzamentario:

Concederanse ao estudantado por orde de nota media ponderada a 31 de marzo de 2021.

Para a ponderación, no caso de estudos realizados en universidades españolas, terase en conta a nota media que, de acordo cos datos da Clasificación Internacional Normalizada da Educación (ISCED), corresponda á súa titulación na universidade na que a cursou: <https://www.educacionyfp.gob.es/dam/jcr:50f08421-32b4-4609-8b23-44277340cce8/nm%20isced%20general%20y%20universidad%20fpu%202019.pdf>

Para os estudos realizados no estranxeiro, a ponderación realizarase tendo en conta as notas medias ISCED para estudos estranxeiros:

<https://www.educacionyfp.gob.es/dam/jcr:4b0706b6-eb50-44dd-89e4-af44f3c562e4/nm%20iscd%20general%20y%20universidad%20estudios%20extranjeros%20fu%202019.pdf>

Realizada a selección pola Oficina de Relacións Internacionais (ORI) publícase no **Anexo I as listas provisorias de bolsas concedidas e no Anexo II a lista provisorio de agarda para o caso de que se produzan renuncias.**

As persoas interesadas poderán presentar alegacións a través da sede electrónica, no prazo de **dez días hábiles**, contados a partir do día seguinte ao de publicación desta resolución, presentando o formulario de alegacións nos rexistros da universidade dirixido á ORI.

Non poderá ter a condición de beneficiario a persoa na que concorra algunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

#### **4. Incompatibilidades**

A bolsa é compatible con calquera outra bolsa ou axuda obtida para a realización da mobilidade e en concreto coa bolsa do MEFP.

O importe das axudas en ningún caso poderá ser de tal contía que de xeito illado ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o coste da actividade subvencionada segundo establece o artigo 19.3 da Ley 38/2003 de 17 de noviembre, General de Subvenciones.

#### **5. Dotación e pagamento.**

A Universidade de Vigo consignará a cantidade total máxima estimada de 100.000 € na aplicación orzamentaria 2021ORI1121DORI482.10 para o que se achega o correspondente certificado de retención de crédito.

A contía máxima da bolsa será de 1.000 € que serán aboadas ao estudante unha vez acepte a bolsa.

O pagamento da bolsa efectuarase mediante transferencia bancaria indicada polo estudantado para participar no programa de intercambio e da que deberá ser titular.

#### **6. Aceptación e renuncia**

As persoas beneficiarias das bolsas deberán aceptar por escrito, a través da sede electrónica, a concesión da bolsa no prazo de 10 días hábiles desde a publicación da resolución definitiva de concesión. De non facelo nese prazo, entenderase que renuncia á bolsa.

Toda renuncia a unha praza xa aceptada con anterioridade, deberá presentarse por escrito.

As renuncias darán lugar á concesión a seguinte persoa da lista de agarda.

#### **7. Obrigas do beneficiario.**

O/A adxudicatario/a das bolsa quedará obrigado/a a cumprir coas obrigas que establecen as convocatorias de intercambio polas que foi seleccionado/a.

A persoa beneficiaria debe de cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da lei 38/2013, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, que lles sexa de aplicación.

## **8. Xustificación.**

Trala finalización do período de intercambio, deberá achegar a certificación de estadía.

## **9. Revisión da axuda e perda do dereito de cobro**

A concesión desta bolsa pode ser revogada ou declarada a perda do dereito de cobro polos seguintes motivos e suporá que a persoa beneficiaria reintegre as cantidades incorrectamente aboadas:

- Non cumprir os requisitos e obrigas recollidas na convocatoria.
- A ocultación de datos, alteralos ou manipular a información solicitada.
- Pola perda da condición de universitario/a, durante todo o período de goce da bolsa.
- Incorrer nalgunha das causas de incompatibilidade que se establecen nesta convocatoria.

## **9. Transparencia**

1. De conformidade co artigo 17 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, e co artigo 15 da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*, a Universidade de Vigo publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas, así como as sancións que puideren impoñerse, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Universidade de Vigo, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei. Porén, non será necesaria a publicación cando o órgano concedente xulgue que se dan as previsións do artigo 15.2.d) da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*.

## **10. Protección de datos**

Información sobre a política de protección de datos no [Portal de bolsas](#)

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo

123.2 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O REITOR

Por Delegación (R.R. do 26/05/2020)

DOG 04/06/2020

A vicerreitora de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación

Esta resolución está asinada dixitalmente por María Isabel Doval Ruiz